

EXPEDIENTE:	MODIFICACIÓN DAS NORMAS DE ACTIVIDADES ARTÍSTICAS
PROCEDEMENTO:	MODIFICACIÓN DAS NORMAS DAS ACTIVIDADES ARTÍSTICAS

A Comisión Asesora da Cidade Histórica acordou o 22 de setembro de 2020, deixar sobre a mesa a cuestión ó estarse a desenvolver unha nova regulación que supón un plantexamento xeral do tratamento do espazo público.

En función de dita decisión, o Concelleiro de Mobilidade e Seguridade, na mesma data, ditou un Decreto acordando a suspensión da concesión de autorizacións de ocupacións trimestral da vía pública, en aplicación da normativa que regula as actividades artísticas que se desenvolven nese espazo, promovidas por particulares, dende o primeiro trimestre do ano 2021, durante o tempo preciso para realizar o estudo e, no seu caso, a modificación destas normas.

A resolución foi publicada na páxina web do Concello para xeral coñecemento.

A Comisión Asesora da Cidade Histórica, na súa xuntanza de 3 de novembro de 2020, analizou dúas solicitudes de postos de venda ambulantes e as actividades artesanais desenvolvidas na vía pública, chegando as seguintes conclusións:

1) Infórmase desfavorablemente a instalación dos dous postos de venda ambulante na Praza do Obradoiro, entrando por Rúa de Fonseca (expedientes **SRB/610/2020** e **SRB/611/2020**, en base aos seguintes motivos:

- a) Tendo en conta o nivel de ocupación e a presión turística que soportan durante a maior parte do ano as rúas da cidade histórica mais próximas á catedral, considérase necesario que as ocupacións de vía pública para este tipo de actividades se sitúen o mais lonxe posible da basílica, noutros espazos públicos da cidade histórica menos saturados de visitantes ou turistas, a fin de propiciar a reordenación de fluxos turísticos.
- b) A situación prevista para os dous postos solicitados non resulta apropiada dentro do ámbito da cidade histórica, por tratarse dunha rúa na que se concentra un elevado tránsito de peóns e tamén de circulación de vehículos no horario autorizado para o transporte de mercancías.
- c) Considérase tamén que o deseño e a imaxe dos postos de venda que se propón non resulta esteticamente axeitada para o entorno declarado Patrimonio da Humanidade, xa que sería precisa unha maior calidade no deseño e nos materiais das mencionadas instalacións provisionais a fin de evitar un impacto negativo na paisaxe urbana da cidade histórica

2) Polo que respecta á utilización do espazo público da cidade histórica como escenario de actividades artísticas, artesanais e de venda ambulante, a conclusión dos membros da Subcomisión Asesora do patrimonio do PE-1 é que a situación actual non resulta apropiada nin respectuosa co valor universal excepcional recoñecido á cidade histórica pola UNESCO.

A presenza permanente, ao longo dos meses de maior afluencia de visitantes e peregrinos e continuada durante unha gran parte da xornada, destas actividades que ocupan o espazopúblico, están a xerar, en moitas ocasión, un impacto negativo no conxunto histórico e

mesmo una clara contaminación acústica que altera e deturpa o carácter e ambiente característico que é propio do espazo público dun ámbito urbano de sobranceiro valor cultural como é o compostelán.

Ao mesmo tempo, a presenza física, estática, destes postos, que en ocasións concentran público ao seu arredor, xunto coa escasa calidade formal e arquitectónica dos postos de venda impiden a correcta visión dos bens de interese cultural e do patrimonio artístico, urbano e arquitectónico que forman parte do conxunto histórico e dos distintos ambientes e escenas urbanas que caracterizan o valor cultural deste conxunto histórico que é un sitio incluído na Lista do Patrimonio Mundial.

Aspectos que non so están a deturpar a correcta visión e gozo do patrimonio cultural por parte dos visitantes, peregrinos e turistas senón que ademais dificultan e estorban, cando non impiden, a utilización e goce do espazo público por parte da poboación residente na idade nas debidas condicións que permitan obter unha experiencia satisfactoria.

En consecuencia, a opinión unánime dos técnicos é que **as actividades artesanais e de venda ambulante que a día de hoxe se están a desenvolver na cidade histórica non teñen un interese histórico ou cultural que aconselle a súa autorización de forma permanente**, xa que non aportan ningún valor engadido ao propio do conxunto histórico -artístico e polo contrario contribúen á súa degradación ou banalización.

3) Considérase que os **postos de venda ambulante e as actividades artesanais** na cidade histórica deben regularse dunha forma mais restritiva que ata agora, vinculando as autorizacións á **realización de feiras ou mercados ambulantes** a celebrar de forma ocasional ou periódica en prazas ou espazos públicos diferentes ás que rodean a catedral, e que sirvan para dinamizar zonas que actualmente quedan mais afastadas do percorrido turístico habitual.

Os espazos do ámbito do plan especial PE-1 que se consideran mais acaídos para a celebración de ditas feiras ou mercados periódicos ou ocasionais son os seguintes:

- **Praza da Inmaculada** (aínda que se trata dunha praza pegada á catedral, a súa utilización tradicional e as características do seu espazo aconsellan conservar este uso como permitido)
- **Praza de San Martiño Pinario e Rúa da Pena**
- **Praza de Mazarelos**
- **Praza do 8 de marzo**
- **Rúa das Carretas**
- **Rúa da Carreira do Conde**

En calquera caso a regulación de ditas actividades deberá **prohibir** expresamente a súa celebración nas seguintes prazas da cidade histórica: **Obradoiro, Quintana, Praterías e Toural**.

No caso dos **postos das medalleiras**, considérase que a súa actividade debería realizarse de forma permanente nos locais baleiros ou postos de venda pertencentes á catedral situados na propia praza da Inmaculada, xa que tradicionalmente eses espazos foron dispostos para ese fin.

4) Sen prexuízo do anteriormente exposto, considérase que os **postos de venda ambulante actualmente dispoñibles na Rúa Nova** e os dous **postos de venda de xeados e castañas** poderían seguir autorizándose, xa que a súa localización está o suficientemente apartada do entorno da catedral para evitar interferir nos fluxos turísticos. Porén, no caso dos postos da Rúa Nova considérase necesario modificar a ordenanza para reducir o seu número (xa que soamente están ocupados 4 dos 8 dispoñibles) e ademais deberíase regular tamén a súa imaxe, establecendo uns criterios estéticos na súa montaxe nos que se especifique a prohibición da utilización de plásticos para a protección fronte á choiva (polo impacto negativo que ten esta solución na imaxe da cidade histórica).

5) Polo que respecta ás **actividades artísticas ou musicais**, considérase que este tipo de uso da vía pública presenta unhas características propias que **deberían ser obxecto duna regulación específica (diferente á dos postos de venda ambulante e as actividades artesanais) a desenvolver mediante un proceso de participación cidadá** no que se inclúan asociacións de veciños, comerciantes, hostaleiros... e os propios interesados e artistas.

A vista do ditame da comisión, despois de analizar a situación das actividades artísticas promovidas por particulares na vía pública, chegase as seguintes conclusións:

- Se os postos de venda ambulante solicitados e emprazados na entrada do Obradoiro por Fonseca, non deben ser autorizados polos motivos que se expoñen no ditame, tampoco deben ser autorizados, polas mesmas consideracións os postos de artistas na rúa meses emprazamentos.
- As razóns que determinan que non deban autorizarse actividades artesanais e de venda ambulante (medalleiras), no espazo público da cidade histórica, son que as mesmas non resulta respectuosas co valor universal excepcional recoñecido á cidade histórica pola UNESCO, causando un impacto negativo no conxunto histórico que altera e deturpa o carácter e ambiente característico que é propio do espazo público dun ámbito urbano de sobranceiro valor cultural como é o compostelán.
- Ademais a Comisión pon o acento tamén na escasa calidade formal e arquitectónica dos postos de venda impiden a correcta visión dos bens de interese cultural e do patrimonio artístico, urbano e arquitectónico que forman parte do conxunto histórico e dos distintos ambientes e escenas urbanas que caracterizan o valor cultural deste conxunto histórico que é un sitio incluído na Lista do Patrimonio Mundial.
- Tamén destaca a Comisión a dificultade ou mesmo a imposibilidade de uso do espazo público por parte da poboación residente nas debidas condicións que permitan unha experiencia satisfactoria, pola aglomeración de turistas que, as veces, se agrupan ó redor dos postos de venda.

Todas estas conclusións se resumen no acordo adoptado no senso de non autorizar actividades artesanais e de venda ambulante na cidade histórica, por non ter un interese histórico e cultural que aconselle a súa autorización de xeito permanente, xa que non están a aportar ningún valor engadido e polo contrario contribúen a súa degradación e banalización.

Considera a Comisión que estas actividades na cidade deben autorizarse no marco dunha feira o unha celebración determinada, de xeito ocasional o periodicamente en prazas e espazos públicos distintos ós que rodean a catedral e que sirvan para dinamizar zonas máis afastadas do percorrido turístico habitual.

Polo tanto, e dende o punto de vista da normativa que regula as actividades artísticas promovidas por particulares e que se desenvolven na rúa debe adaptarse a súa regulación, de xeito que se supriman as actividades artesanais que estaban a ser autorizadas en distintas rúas da cidade histórica; sen prexuízo de que ditas actividades podan ser autorizadas de xeito puntual no trámite administrativo correspondente no marco da celebración de feiras ou mercados que poden desenvolverse periódica ou ocasionalmente pero que, en todo caso, estarán suxeitos á correspondente autorización administrativas.

Neste senso, a Comisión Asesora propón como lugares axeitados para celebrar estes eventos, os seguintes:

- Praza da Inmaculada (aínda que se trata dunha praza pegada á catedral, a súa utilización tradicional e as características do seu espazo aconsellan conservar este uso como permitido)
- Praza de San Martiño Pinaro e Rúa da Pena
- Praza de Mazarelos
- Praza do 8 de marzo
- Rúa das Carretas
- Rúa da Carreira do Conde

Asemade, a Comisión informa desfavorablemente a posibilidade de celebración destes eventos nas seguintes prazas da cidade histórica: Obradoiro, Quintana, Praterías e Toural.

Polo que respecta ás actividades artísticas ou musicais, a Comisión considera que este tipo de uso da vía pública presenta unhas características propias que deberían ser obxecto duna regulación específica. En base a elo, propónse que polo Concelleiro de Mobilidade e Seguridade se regule este tipo de actividades, tendo en conta os principios e criterios postos de manifesto pola Comisión Asesora, autorizando este tipo de actividades coas restricións que determinan non só a protección do patrimonio cultural, senón tamén o respecto polo medio ambiente urbano, limitando as molestias que poden xerar o exceso de ruído. A vista do ditame da comisión, despois de analizar a situación das actividades artísticas promovidas por particulares na vía pública, chegase as seguintes conclusións:

- Se os postos de venda ambulante solicitados e emprazados na entrada do Obradoiro por Fonseca, non deben ser autorizados polos motivos que se expoñen no ditame, tampoco deben ser autorizados, polas mesmas consideracións os postos de artistas na rúa meses emprazamentos.
- As razóns que determinan que non deban autorizarse actividades artesanais e de venda ambulante (medalleiras), no espazo público da cidade histórica, son que as mesmas non resulta respectuosas co valor universal excepcional recoñecido á cidade histórica pola UNESCO, causando un impacto negativo no conxunto histórico que altera e deturpa o carácter e ambiente característico que é propio do espazo público dun ámbito urbano de sobranceiro valor cultural como é o compostelán.
- Ademais a Comisión pon o acento tamén na escasa calidade formal e arquitectónica dos postos e venda impiden a correcta visión dos bens de interese cultural e do patrimonio artístico, urbano e arquitectónico que forman parte do conxunto histórico e dos distintos ambientes e escenas urbanas que caracterizan o valor cultural deste conxunto histórico que é un sitio incluído na Lista do Patrimonio Mundial.
- Tamén destaca a Comisión a dificultade ou mesmo a imposibilidade de uso do espazo público por parte da poboación residente nas debidas condicións que permitan unha experiencia satisfactoria, pola aglomeración de turistas que, as veces, se agrupan ó redor dos postos de venda.

Todas estas conclusións se resumen no acordo adoptado no senso de non autorizar actividades artesanais e de venda ambulante na cidade histórica, por non ter un interese histórico e cultural que aconselle a súa autorización de xeito permanente, xa que non están a aportar ningún valor engadido e polo contrario contribúen a súa degradación e banalización. Considera a Comisión que estas actividades na cidade deben autorizarse no marco dunha feira o unha celebración determinada, de xeito ocasional o periodicamente en prazas e espazos públicos distintos ós que rodean a catedral e que sirvan para dinamizar zonas máis afastadas do percorrido turístico habitual.

Polo tanto, e dende o punto de vista da normativa que regula as actividades artísticas promovidas por particulares e que se desenvolven na rúa debe adaptarse a súa regulación, de xeito que se supriman as actividades artesanais que estaban a ser autorizadas en distintas rúas da cidade histórica; sen prexuízo de que ditas actividades podan ser autorizadas de xeito puntual no trámite administrativo correspondente no marco da celebración de feiras ou mercados que poden desenvolverse periódica ou ocasionalmente pero que, en todo caso, estarán suxeitos á correspondente autorización administrativas.

Neste senso, a Comisión Asesora propón como lugares axeitados para celebrar estes eventos, os seguintes:

- Praza da Inmaculada (aínda que se trata dunha praza pegada á catedral, a súa utilización tradicional e as características do seu espazo aconsellan conservar este uso como permitido)
- Praza de San Martiño Pinario e Rúa da Pena
- Praza de Mazarelos
- Praza do 8 de marzo

- Rúa das Carretas
- Rúa da Carreira do Conde

Asemade, a Comisión informa desfavorablemente a posibilidade de celebración destes eventos nas seguintes prazas da cidade histórica: Obradoiro, Quintana, Praterías e Toural.

Polo que respecta ás actividades artísticas ou musicais, a Comisión considera que este tipo de uso da vía pública presenta unhas características propias que deberían ser obxecto duna regulación específica. En base a elo, propónse que polo Concelleiro de Mobilidade e Seguridade se regule este tipo de actividades, tendo en conta os principios e criterios postos de manifesto pola Comisión Asesora, autorizando este tipo de actividades coas restricións que determinan non só a protección do patrimonio cultural, senón tamén o respecto polo medio ambiente urbano, limitando as molestias que poden xerar o exceso de ruído.

Tendo en conta as competencias sinaladas na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; os decretos de Alcaldía de 17 e 21 de xuño de 2019 polos que se nomean as Concellarías delegadas e o acordo da Xunta de Goberno local de 24 de xuño de 2019 de delegación de competencias, RESOLVO:

PRIMEIRO.- DEIXAR SEN EFECTO o Decreto desta Concellería desta mesma data e sobre a mesma cuestión ó terse detectado a existencia dun erro material.

SEGUNDO.- APROBACIÓN dunhas novas normas que regularán as actividades artísticas e musicais promovidas por particulares na vía pública, segundo o documento que como anexo se xunta a esta proposta.

TERCERIO.- Tendo en conta que neste segundo trimestre do ano non se poderá cumprir coas determinacións previstas no Anexo II en canto o período de solicitude, poderán presentarse as solicitudes dende o 17 de marzo do 2021 ata o 29 do mesmo mes, para poder resolvelas de xeito provisional o día 31 de marzo e definitivamente o día 9 de abril de 2021.

NORMAS REGULADORAS DA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES ARTÍSTICAS NA VÍA PÚBLICA PROMOVIDAS POR PARTICULARES DISPOSICIÓN 1ª.- ÁMBITO DE APLICACIÓN

Estas normas aplicaranse ás autorizacións de actividades de natureza diversa mais de índole artística ou cultural que se realicen na vía pública municipal, que sexan promovidas por particulares e que non supoñan o exercicio dunha actividade mercantil directa nin a prestación lucrativa de ningún servizo, ao abeiro da Ordenanza municipal de actividades, instalacións e ocupación da vía pública.

DISPOSICIÓN 2ª.- ACTIVIDADES AUTORIZADAS

As actividades susceptibles de autorización serán as relacionadas a seguir, cos requisitos que especificamente se sinalan para cada unha delas na disposición 9ª e atándose ao número máximo previsto en cada localización segundo as determinacións do anexo 1 destas normas.

Con carácter xeral, poderanse autorizar actividades consistentes en actuación musicais, pictóricas ou outras actividades artísticas como estatuas viventes e mimos. Calquera destas actividades artísticas que promovan os particulares na vía pública será sometida previamente á valoración da súa oportunidade.

O incumprimento das condicións citadas poderá dar lugar á retirada inmediata do posto ou á suspensión da actividade, sen prexuízo das sancións legais que puidesen corresponder logo da tramitación do expediente que cumpra.

DISPOSICIÓN 3ª.- PERÍODO DE OCUPACIÓN E HORARIO AUTORIZADOS

Tanto o período de ocupación como horario permitido para o exercicio da actividade determinaranse no seu momento de forma individualizada nas correspondentes autorizacións, dentro das limitacións previstas na disposición 9ª destas normas.

DISPOSICIÓN 4ª. - INSTALACIÓNS

Non se autoriza a instalación de elementos auxiliares, agás aqueles imprescindibles para o desenvolvemento da actividade, cadeiras e paneis de exposicións dos traballos dos artistas, que en todo caso serán de natureza desmontable e non se ancorarán ou fixarán de ningunha forma ao pavimento, a edificios ou a elementos do mobiliario urbano.

DISPOSICIÓN 5ª.- LOCALIZACIÓN

As distintas actividades autorizadas só poderán situarse no espazo de uso público municipal que se especifique de forma concreta na correspondente autorización. Fixaranse, con carácter xeral, como zonas idóneas para a súa localización as prazas e parques públicos, rúas peonís e paseos. Con carácter excepcional poderase autorizar a realización de actividades artísticas noutros espazos e vías públicas, logo de estudo e determinación da súa idoneidade.

En caso de autorizarse localizacións en zonas de tránsito peonil, estas deberán manterse libres de calquera obstáculo que poida afectar á libre circulación ou supoñer un risco para a seguridade dos viandantes. En ningún caso se poderá realizar abasto ningún de material con motivo das actividades autorizadas.

As localizacións adxudicaranse atendendo a criterios de seguridade, tráfico, circulación, saturación de zona ou calquera outro de interese público. Os casos de concorrencia resolveranse mediante a aplicación dos criterios recollidos na disposición 8ª estas normas.

De non se producir un novo acordo que modifique o número máximo de actividades por cada zona susceptible de autorización prorrogarase o adoptado o ano anterior. As actividades non poderán desenvolverse en lugares que dificulten ou impidan os accesos ou saídas de emerxencia de edificios de uso público ou privado, nin de establecementos comerciais e industriais. Tampouco poderán afectar instalacións, servizos xerais ou a circulación peonil ou rodada.

DISPOSICIÓN 6ª.- PERSOAS AUTORIZADAS

A autorización municipal será persoal e límitase a un máximo de unha concesión por cada solicitante. Estará sometida á comprobación previa do cumprimento por parte do interesado dos requisitos legais esixidos para exercer a actividade, que deberá de acreditarse documentalmente xunto coa solicitude consonte o disposto no artigo seguinte destas normas.

DISPOSICIÓN 7ª.- SOLICITUDES: FORMA E PRAZO

Os interesados deberán presentar no Rexistro Xeral do Concello, ou por calquera outro medio dos previstos na Lei 39/2015 de 1 de outubro, a solicitude de autorización consonte o modelo que se atopa na plataforma de administración electrónica, na páxina web do Concello.

Deberán facer constar os datos e a documentación que se indican a seguir:

- Actividade que se pretende realizar.
- Período para o que se solicita a ocupación.
- Horario.

- Superficie de ocupación prevista.
- Cando se trate de **actividades pictóricas ou fotográficas**, descripción da técnica empregada.
- Cando se trate de **actividades musicais**, indicación do estilo musical e do número de compoñentes, de ser o caso de grupos musicais.
- Cando se trate doutras **actividades artísticas (mimos e estatuas viventes)** acompañarase unha memoria detallada da actividade que se pretende desenvolver.
- Determinación concreta do espazo solicitado. Para estes efectos, o interesado deberá indicar na instancia a súa prioridade entre as distintas opcións reflectidas nela, sinalando por orde de preferencia os espazos que considera do seu interese.

A solicitude deberá ir acompañada da seguinte documentación:

- Fotocopia do documento nacional de identidade en vigor (deberán presentarse os orixinais no Departamento de Ocupación de Vía Pública para compulsar a copia).
- No caso de persoas estranxeiras, fotocopia do pasaporte (se o período solicitado para o exercicio da actividade non excede do seu período de vixencia) ou, se é o caso, fotocopia do permiso de residencia ou da tarxeta de residente comunitario en vigor (deberán presentarse os orixinais no Departamento de Ocupación de Vía Pública para compulsar a copia).
- Seguro de responsabilidade civil xeral en vigor cando a actividade leve consigo a montaxe dunha estrutura ou instalación susceptible de producir algún risco.
- En caso de actividades pictóricas ou fotográficas: mostra orixinal dun traballo realizado polo solicitante, con medidas máximas de 60 x 40 cm., que será devolta ao finalizar o período de autorización.
- No caso de actividades musicais: memoria na que se expoña toda a información e documentación que se posúa sobre a actividade musical que se pretende realizar e que acredite un mínimo de coñecementos musicais: títulos e certificacións académicas, experiencia profesional contrastada, participación en certames musicais etc.
- En caso doutras actividades artísticas: memoria na que se expoña toda a información sobre a actividade que se vai realizar con descrición dos elementos que se utilizarán para o seu desenvolvemento, espazo necesario e, se se posúe, documentación acreditativa da cualificación para realizala.

As solicitudes presentaranse dentro dos prazos previstos no anexo 2. No suposto de que se trate dunha actividade artística cuxa tramitación non estea sometida a autorización conxunta, a solicitude deberá presentarse cun mínimo de 10 días hábiles antes da data de inicio do período de ocupación solicitado.

Entenderanse excluídas do procedemento de autorización conxunta que periodicamente se execute para cada actividade das recollidas nestas normas, as solicitudes presentadas fóra dos prazos indicados no anexo 2 ou que non se acompañen da documentación requirida. Non obstante, logo de que cumpran o requisito ou acheguen o documento omitido, poderase outorgar unha autorización posterior se persistise a vacante para a situación solicitada de acordo co establecido na disposición oitava. Unha vez finalizado o prazo de presentación, exporase no taboleiro de anuncios do Concello a listaxe das solicitudes presentadas e admitidas para cada actividade e situación que se publicará asemade na páxina web municipal (www.santiagodecompostela.org).

DISPOSICIÓN 8ª.- NÚMERO DE POSTOS. VALORACIÓN DE PEDIMENTOS. ADXUDICACIÓN DE POSTOS

1.- Co fin de preservar e garantir o uso común xeral do espazo público, estas normas establecen criterios restritivos para as autorizacións de uso común especial do dominio público. Por iso, o número de autorizacións que se outorguen será limitado, respectando, en todo caso, o máximo permitido para cada situación ao abeiro do disposto do anexo 1.

En aplicación deste criterio restritivo, tamén se poderá limitar o número de autorizacións en determinadas zonas para evitar a sobrecapacidade do espazo público así como establecer condicións específicas relativas a distancias mínimas entre postos autorizados ou outras que se consideren necesarias para garantir o interese xeral.

Para estes efectos e co obxecto de regular un procedemento que someta aos oportunos criterios de selección e baremación a concesión das distintas autorizacións, outorgaranse periodicamente de forma conxunta, nun único acto para cada actividade, atendendo á súa natureza e durante o período máximo establecido no apartado segundo desta disposición, con suxeición aos prazos recollidos no anexo 2 destas normas.

2.- O período máximo autorizado para as distintas actividades artísticas será de tres meses.

3.- O réxime aplicable para a asignación de postos será o seguinte:

Coa lista de todos os candidatos, ata un número máximo de 36 por cada actividade artística, formaranse grupos segundo a orde de prelación alfabética, comezando pola letra que se obteña nun sorteo público que se celebrará en cada convocatoria tres días antes da publicación da listaxe provisoria. O número máximo de integrantes de cada grupo será de 3 e asignaráselles

distintos lugares autorizados, que serán os que se recollen no anexo 1 destas normas.

Para garantir que todos os artistas poidan desenvolver a súa actividade nos diferentes lugares previstos nestas normas, cada grupo poderá acceder a distas localizacións secundas as seguintes condicións:

a. Cada grupo de artistas poderá ocupar cada un dos lugares autorizados durante unha semana. Transcorrida esta pasará a ocupar o seguinte, e así sucesivamente ata completar os tres meses correspondentes a cada autorización. A orde que se seguirá na rotación será a recollida no anexo 1 destas normas.

b. En cada localización soamente terá lugar unha actuación cada dúas horas. Rematado este tempo, producirase a rotación dos artistas segundo a orde da listaxe publicada .

c. O horario será de 10 a 22.00 horas ininterrompidamente; agás no Arco do Pazo de Xelmírez, que terá o horario recollido no Anexo III. O exceso de solicitudes sobre o máximo autorizable será autorizado na Alameda, onde non existe unha limitación do número de actuacións simultáneas.

Exceptúanse deste réxime xeral os gaiteiros, que soamente poderán tocar no Arco do Pazo de Xelmírez de acordo coa regulación específica para esta localización no anexo 3 destas normas.

4.- No resto das actividades artísticas, a asignación de postos levarase a cabo con base no seguinte criterio: outorgaranse as localizacións segundo a orde de prelación solicitada. No suposto de que o número de solicitudes presentadas para cada localización, que a sinalaran como primeira opción, exceda do establecido no anexo 1 destas normas, asignaranse en función dunha orde alfabética, sendo a primeira letra a

que se obteña dun sorteo público que se celebrará en cada convocatoria tres días antes da publicación da listaxe provisoria das autorizacións.

A listaxe publicarase no taboleiro de edictos do Concello e na páxina web municipal (www.santiagodecompostela.org).

DISPOSICIÓN 9ª.- OBRIGAS DOS ADXUDICATARIOS

A) OBRIGAS XERAIS

Os titulares adxudicatarios estarán obrigados ao efectivo cumprimento das seguintes normas:

- a) Ocupar o espazo adxudicado para o exercicio da actividade sen modificar a súa localización e sen exceder dos seus límites e executala nos termos autorizados.
- b) A posible percepción lucrativa por parte do autorizado derivada do exercicio da actividade terá, en todo caso, de carácter voluntario por parte dos cidadáns que transiten pola vía pública e non se poderá esixir contraprestación económica ningunha aos transeúntes nin ao público en xeral
- c) Somentes poderán utilizar as instalacións previstas na Disposición Cuarta destas normas e nas condicións previstas na mesma.
- d) Manter en perfecta orde e limpeza o espazo adxudicado, así como a parte da vía pública lindante con el, absténdose de depositar lixo ou desperdicios fóra dos lugares expresamente indicados para iso. Para tal efecto, cando sexa necesario, o interesado deberá dispoñer dun dispositivo estanco previsto de peche hermético e con bolsa impermeable.
- e) Finalizado o período de ocupación autorizado procederase a desmontar ou retirar as instalacións deixando en perfectas condicións de uso e limpeza o espazo autorizado.
- f) Nas actividades musicais non poderán utilizarse aparellos reprodutores de son, nin altofalantes, debendo aquelas actividades que o necesiten realizarse de viva voz ou cos instrumentos sen amplificación de son, salvo cando se trate de autorizacións para actuacións non periódicas de celebración puntual, con estrito cumprimento dos requisitos e condicións contidas na autorización correspondente. En todo caso, no que se refire á contaminación acústica, deberanse observar as limitacións que establece a Ordenanza municipal de emisión e recepción de ruídos, vibracións e condicións dos locais.
- g) Queda prohibida a utilización de animais, mesmo como compañía do artista, mentres se desenvolve a actividade, agás no caso de cans guías de invidentes.
- h) Non se autorizarán actividades nas que interveñan menores da idade mínima prevista na normativa laboral vixente.

B) OBRIGAS ESPECÍFICAS

Ademais das indicadas, no apartado A, os titulares das autorizacións estarán obrigados ao estrito cumprimento das seguintes condicións:

B.1) Condicións de obrigada observancia para a realización de actividades musicais na vía pública

1. No espazo autorizado unicamente se poderá realizarse a actividade musical para a que se concedeu autorización. Queda expresamente prohibida, con carácter xeral, a utilización de aparellos reprodutores de son nin altofalantes, debendo realizarse as actividades musicais de viva voz ou mediante os instrumentos musicais autorizados, sen amplificación.

2. Arbitraranse por parte do interesado as medidas necesarias para producir as menores molestias posibles aos veciños, controlando os niveis de ruído producidos

polo exercicio da actividade autorizada. Para isto, deberán observarse estritamente as limitacións contidas na Ordenanza municipal de emisión e recepción de ruídos, vibracións e condicións dos locais.

3. Non se permitirá a venda de música con ocasión do exercicio da actividade, calquera que sexa o tipo de soporte onde estea almacenada.
4. O período inicial de autorización non excederá de tres meses.
5. A autorización municipal concederáse sen prexuízo da obtención doutros permisos procedentes e do cumprimento de determinados requisitos cando veñan esixidos polas disposicións que rexen na materia.
6. Ao finalizar cada xornada, o espazo ocupado deberá quedar expedito e en perfectas condicións de uso e limpeza.

B.2) Condicións de obrigada observancia para a realización de actividades pictóricas ou fotográficas na vía pública

1. As actividades obxecto de autorización poderán consistir na elaboración de retratos artísticos mediante fotografía ou en traballos pictóricos consistentes na elaboración de caricaturas, paisaxes ou retratos, xa sexa sobre táboa, lámina, lenzo, tea, papel ou esmalte.
2. Queda expresamente prohibido o emprego no exercicio da actividade de aerosoles ou calquera outro medio susceptible de provocar emisión ambientais.
3. No espazo autorizado unicamente poderá realizarse a actividade pictórica para a que se conceda autorización e terá que exercerse *in situ* por parte da persoa autorizada. Sen prexuízo do indicado, nese mesmo lugar público poderá dispoñerse dun panel cunha pequena exposición da obra para que poida ser contemplada polos posibles usuarios, todo iso sen exceder do espazo máximo autorizado. A superficie autorizada non superará o 1,5 metros cadrados.
4. Ao finalizar cada xornada, o espazo ocupado deberá quedar expedito e en perfectas condicións de uso e limpeza.
5. O mobiliario permitido para o exercicio desta actividade e exposición da obra estará composto como máximo por un cabalete, unha cadeira de loneta para ser utilizada polo artista, un tallo para os posibles usuarios e un panel para a exposición da obra.

B.3) Condicións de obrigado cumprimento para realizar actividades de mimo, estatuas humanas., na vía pública

1. A actividade consistirá na manifestación artística dunha persoa individual, cando non leve consigo emisión de son de ningún tipo nin instalación de dispositivos ou elementos auxiliares, agás as bases ou peañas.
2. Ao finalizar cada xornada o espazo ocupado deberá quedar expedito e en perfectas condicións de uso e limpeza.

DISPOSICIÓN 10ª.- RESPONSABILIDADE

Os titulares autorizados serán os únicos responsables dos danos que con motivo da instalación ou da actividade puidesen ocasionarse sobre persoas ou cousas. Cando con ocasión dos aproveitamentos se producisen danos no pavimento ou nas instalacións da vía pública, os beneficiarios estarán obrigados a reparalos ou a reintegrar a totalidade dos gastos de reconstrucción e reparación que se produzan que serán, en todo caso, independentes dos dereitos liquidados polos aproveitamentos autorizados. Para estes efectos, cando o desenvolvemento da actividade artística leve consigo a instalación de elementos que puidesen ser susceptibles de causar algún dano persoal ou material, esixírase estar en posesión de póliza de seguro de responsabilidade civil xeral a terceiros en vigor.

DISPOSICIÓN 11ª.- DENEGACIÓN DE SOLICITUDES

Serán causas de denegación da solicitude presentada, sen prexuízo dos procedementos sancionadores que, se é o caso, se incoen en aplicación da ordenanza reguladora, as que seguen:

- a) Non acreditar os requisitos esixidos na disposición oitava destas normas, imprescindibles para outorgar posto e autorizar o exercicio da actividade.
- b) Incumprimento das condicións sanitarias ou de seguridade así como incumprimento das demais condicións establecidas en anteriores resolucións municipais de autorización, constatadas nas inspeccións efectuadas.
- c) Non instalar o posto sen causa xustificada.
- d) Ser sancionado no ano do outorgamento da autorización ou no inmediato anterior por algunha infracción cualificada de grave ou por dúas infraccións leves, tipificadas na Ordenanza municipal de actividades, instalacións e ocupación da vía pública ou na Ordenanza de convivencia, residuos e limpeza viaria.

DISPOSICIÓN 12ª.- REVOGACIÓN

As autorizacións reguladas nestas normas poderán ser revogadas unilateralmente pola Administración Municipal en calquera momento por razón de interese público, sen xerar dereito a indemnización, cando resulten incompatibles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral do espazo autorizado.

Ademais serán causas de revogación da autorización outorgada, as seguintes:

- a) Comprobación de falsidade nos documentos achegados.
- b) Incumprimento do disposto nestas normas.
- c) A comisión de infraccións tipificadas como graves na Ordenanza municipal de actividades, instalacións e ocupación da vía pública ou na Ordenanza de convivencia, residuos e limpeza viaria, sen prexuízo das sancións previstas nelas.

DISPOSICIÓN 13ª.- FACULTADES DA POLICÍA LOCAL

A Policía Local quedará facultada para intervir os produtos obxecto de venda, precintar ou retirar as instalacións non autorizadas ou que incumpran os termos da autorización outorgada, así como os instrumentos empregados no exercicio de actividades non autorizadas, logo de redactar a oportuna acta ou informe de inspección. Tamén estarán facultada para adoptar calquera medida que considere oportuna por razóns de seguridade e orde pública. O material incautado depositarase nas dependencias da Policía Local ou, se é o caso, no almacén municipal e poderá ser recuperado polos seus propietarios nas condicións que acorde a Administración Municipal.

ANEXO 1

NÚMERO DE POSTOS PREVISTOS EN CADA UN DOS ESPAZOS PÚBLICOS PARA DESEMPEÑAR AS DISTINTAS ACTIVIDADES ARTÍSTICAS SUSCEPTIBLES DE AUTORIZACIÓN

Serán susceptible de autorización para o exercicio destas actividades calquera vía ou parque público, logo de valoración por parte da concellaría competente sobre a súa conveniencia e oportunidade, atendendo tanto ás circunstancias e méritos do interesado como ao posible interese público ou previsible trastorno que a súa realización puidese ocasionar aos veciños e cidadáns en xeral. Non obstante, establécense como lugares especialmente idóneos para o seu desenvolvemento os que se relacionan a seguir, sen prexuízo da posibilidade de que se autoricen outros por pedimento dos interesados. Con carácter xeral, aplicable a todas as actividades

artísticas, o número máximo de autorizacións simultáneas por rúa, praza ou parque será de tres.

Actuacións de mimos, estatuas viventes e similares:

- Praza de Cervantes
- Praza da Inmaculada
- Parque da Alameda
- Avenida de Xoán XXIII

Actuacións de músicos (coas limitacións previstas nestas ordenanza):

Praza de Mazarelos

Praza de Cervantes

Praza de San Martiño Pinario e Rúa da Pena

Rúa das Carretas

Rúa da Carreira do Conde

Praza da Inmaculada

Rúa do Vilar

Praza 8 de marzo

Casas Reais

Avda. Xoan XXIII

Parque da Alameda (fronte ao Instituto Rosalía de Castro o número máximo de actuacións simultáneas será de tres. Exceptúase esta zona nas Festas da Ascensión e o Apóstolo. Non se establece limitación para as restantes zonas do parque).

ANEXO 2.-

PAZOS PARA A TRAMITACIÓN DAS AUTORIZACIÓNS RELATIVAS ÁS DISTINTAS ACTIVIDADES ARTÍSTICAS

Datas para o primeiro trimestre (xaneiro, febreiro e marzo):

- * Finalización do prazo de presentación de instancias: 3 de decembro ou o día hábil seguinte
- * Exposición da lista de solicitudes admitidas e de adxudicacións provisionais: 23 de decembro.
- * Exposición de lista de adxudicacións definitivas: 29 de decembro.

Datas para o segundo trimestre (abril, maio e xuño):

- * Finalización do prazo de presentación de instancias: 3 de marzo ou o día seguinte hábil.
- * Exposición da lista de solicitudes admitidas e de adxudicacións provisionais: 23 de marzo.
- * Exposición da lista de adxudicacións definitivas: 29 de marzo.

Datas para o terceiro trimestre (xullo, agosto e setembro):

- * Finalización do prazo de presentación de instancias: 3 de xuño ou o día hábil seguinte.
- * Exposición da lista de solicitudes admitidas e de adxudicacións provisionais: 23 de xuño.
- * Exposición da lista de adxudicacións definitivas: o 29 de xuño

Datas para o cuarto trimestre (outubro, novembro e decembro):

- * Finalización do prazo de presentación de instancias: 3 de setembro ou o día hábil seguinte
- * Exposición da lista de solicitudes admitidas e de adxudicacións provisionais: 23 de setembro.
- * Exposición da lista de adxudicacións definitivas: 29 de setembro.

ANEXO 3

REGULACIÓN DO ARCO DO PAZO DE XELMÍREZ

Resérvase esta localización para a actuación de aiteiros e cantantes líricos. O réxime aplicable será o seguinte:

- Poderán optar a desenvolver a actividade todos os gaiteros e cantantes líricos que presenten a solicitude de autorización trimestral.

- A actividade desenvolverase en seis quendas diarias, cos seguintes horarios: 12:00 a 21:00 horas.
- A prelación para poder actuar virá determinada por unha orde alfabética, no que a primeira letra se obterá nun sorteo público nos termos do establecido na Disposición 8ª destas normas.
- Os aspirantes deberán respectar esta orde, agás que por acordó unánime decidan modificala garantindo sempre a actuación de todos eles en termos de equidade. No suposto de que non se acade o desexable consenso, primará en todo caso a orde autorizada polo Concello.